



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE AGOSTO DE 2019

#### LICENZAS

##### FAVORABLE

**LIC/54/2019.- CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.-** Conceder

licenza para instalación dun ascensor exterior sito na Rúa Vía Nobel, 7.

**LIC/776/2019.- BALTASAR OTERO, S.L.-** Conceder licenza para recheo de parcela sito na Rúa País Vasco nº 45.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á solicitude de licenza para instalación dun ascensor exterior sito na rúa Vía Nobel, 7. LIC/54/2019.** Apróbase a licenza.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á solicitude de licenza para recheo de parcela sito na rúa País Vasco, nº 45. LIC/776/2019.** Apróbase a licenza.

**4.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á modificación do contrato administrativo de prestación do servizo de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación "ESCOLAS DE VERÁN 2019".** Apróbase a modificación do devandito contrato, subscrito coa empresa Actividades Lúdicas de Galicia para a ampliación do programa aos días 9 e 10 de setembro de 2019.

#### URXENCIAS

**1. Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa ao cese dos actuais responsables municipais da supervisión do contrato da empresa Ferrovial para a xestión dos centros socioculturais do Concello de Santiago.** Apróbase o cese.

**2.- Proposta relativa ao proxecto de convenio de entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e o Concello de Santiago de Compostela para o proxecto SMARTIAGO.** Apróbase o devandito convenio, para colaborar no cofinanciamento da fase I+D do proxecto de Compra Pública de Innovación SMARTIAGO, polo que GAIN achegará 618.000 euros, a repartir entre as anualidades 2019 (100.000), 2020 (210.000) e 2021 (308.000).

**3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato do servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela.** Apróbase a prórroga do contrato subscrito coa empresa Unitronics Comunicación, SA, polo período adicional máximo previsto dun ano, a contar dende o 1 de setembro de 2019, por importe de 24.988,18 euros (2019) e 49.976,37 euros (2020).

**4.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito.** Apróbanse as propostas.

**5. LIC 516/2019. RÍO LAR, SL.** Conceder licenza para segregación de finca no LG Abetos.